



# **COMUNICACIÓN E XESTIÓN DE CASOS CONFIRMADOS DA COVID-19 NO SECTOR DEPORTIVO FEDERADO DE ÁMBITO AUTONÓMICO E ESTATAL EN GALICIA**



## OBXECTIVO:

O obxectivo deste documento é establecer a sistemática de comunicación e xestión de persoas diagnosticadas da COVID-19 no sector deportivo federado de ámbito autonómico e estatal en Galicia.

## CASO SOSPEITOSO:

No caso de que calquera persoa presente síntomas compatibles coa COVID-19 (febre maior de 37,5°C, tose seca, dificultade respiratoria, fatiga severa, cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto, dor de garganta etc.), pasará a ser considerado **caso sospeitoso de COVID-19**. Nesta situación, a persoa con síntomas deberá **quedarse no seu domicilio e pórse en contacto co seu centro de saúde ou consultorio médico** para solicitar unha consulta telefónica co seu médico ou servizo de urxencias/061 no caso de sintomatoloxía severa. Se non conseguise contactar cos servizos sanitarios, **poderá chamar ao 900 400 116 ou ao 881 00 20 21.**

Se no momento no que se inician síntomas a persoa non se atopa no seu domicilio, deberá pórse unha máscara cirúrxica (non caso de non estar facendo uso dela) e abandonar o lugar onde se atope para dirixirse ao seu domicilio, onde deberán quedarse en illamento.

No caso de que a detección dos síntomas teña lugar no entorno da práctica deportiva federada autonómica, procederase segundo o establecido no apartado **COMUNICACIÓN E SEGUIMENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID19** dos protocolos **FISICOVID-DXTGALEGO**. De tratarse dunha actividade federada de ámbito estatal, aplicarase o procedemento establecido no protocolo da correspondente federación deportiva española. Isto implica, de forma xeral, que a persoa deberá pórse unha máscara cirúrxica (no caso de non estar facendo uso dela) e, se pode facelo polos seus propios medios, deberá abandonar as instalacións deportivas para dirixirse ao seu domicilio. Se isto non é posible, a persoa con síntomas deberá ser trasladada ao espazo habilitado para tal fin. Cando precise acompañamento por parte doutra persoa, esta deberá facer uso tamén dunha máscara cirúrxica e só no caso de que o enfermo non poida facer uso de máscara, o acompañante deberá usar unha FFP2 xunto cunha pantalla. Este espazo de illamento deberá contar cunha ventilación axeitada e estar provisto de xel hidroalcolico, panos desbotables e unha papeleira con pedal. Coma calquera outra persoa con síntomas compatibles coa COVID-19, deberá pórse en contacto co seu centro de saúde ou consultorio médico para solicitar unha consulta telefónica co seu médico ou servizo de urxencias/061 no caso de sintomatoloxía severa. Se non conseguise contactar cos servizos sanitarios, poderá chamar ao 900 400 116 ou ao 881 00 20 21.



Os profesionais sanitarios serán os que valorarán a clínica, e prescribirán a realización das probas que consideren necesarias para confirmar o caso. No caso de que o persoal sanitario prescriba a realización dunha **proba diagnóstica de infección activa (PDIA)**, como pode ser unha PCR ou unha proba de detección de antíxeno, o caso sospeitoso deberá quedar en illamento domiciliario seguindo as indicacións do persoal sanitario correspondente. Só poderán suspenderse as medidas de illamento preventivo sen o resultado negativo dunha PDIA, se o persoal sanitario considera que a clínica non é compatible coa COVID.

Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa COVID que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena no domicilio. De igual xeito, o resto de integrantes dun equipo/club no que exista un caso sospeitoso, deberán extremar as medidas de precaución e recoméndaselles pospoñer as actividades deportivas que sexan prescindibles, pero non será necesario suspender completamente a actividade deportiva da entidade deportiva.

## CASO CONFIRMADO:

No caso de que a PDIA solicitada resulte positiva, o caso sospeitoso pasará a considerarse **caso confirmado de COVID-19** e o profesional sanitario de referencia porase en contacto co paciente para informar deste resultado, realizar o seguimento clínico e facer fincapé nas medidas de hixiene e illamento.

**Se a proba se realizou fóra da comunidade autónoma de Galicia**, o resultado positivo e as indicacións deberá ser igualmente facilitadas por un sanitario do lugar onde se realizou a mesma, pero é importante saber que non constará nos sistemas de información da Consellería de Sanidade. Polo tanto, de ser este o caso, a persoa que reciba este resultado positivo doutra comunidade autónoma/país, pero se atope en Galicia ou teña relación con un club/equipo deportivo galego, deberá **chamar ao 881 54 00 04** para notificar este resultado positivo e así proceder a dalo de alta nos nosos sistemas. Neste caso será necesario aportar soporte documental do resultado positivo.

**A persoa diagnosticada da COVID-19 deberá seguir as indicacións médicas que se lle facilite durante o seguimento da enfermidade.** Entre elas, o profesional sanitario indicarlle que deberá continuar o illamento domiciliario ata levar 3 días sen síntomas e sempre que pasasen 10 días desde que estes comezaron. Se non tivo síntomas, deberá manter o illamento ata pasados 10 días desde a recollida da mostra diagnóstica. En todo caso, o caso confirmado sempre deberá seguir as indicacións dos profesionais



sanitarios que se encarguen do seu seguimento clínico e **esperar a que este lle indique que pode suspender as medidas de illamento.**

## IDENTIFICACIÓN DE CONTACTOS ESTREITOS:

Un **contacto estreito** é:

- Calquera persoa que proporcionase cuidados a un caso confirmado: persoal sanitario ou socio-sanitario que non utilizou as medidas de protección axeitadas, membros familiares ou persoas que teñan outro tipo de contacto físico similar.
- A nivel comunitario, calquera persoa que estivese no mesmo lugar que un caso confirmado, a unha distancia menor de 2 metros durante máis de 15 minutos (que non teñen por que ser seguidos).

Debe saber que esta definición podería sufrir modificacións, polo que deberá consultar a definición actualizada en [https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6507/01\\_Vixilancia\\_CoV-2019.pdf](https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/6507/01_Vixilancia_CoV-2019.pdf)

Con todo, en contornas nas que se poida facer unha valoración do seguimento das medidas de prevención, incluído o uso correcto e continuado da máscara, poderá realizarse unha valoración individualizada da situación. Isto farase de forma conxunta entre a persoa da consellería de sanidade encargada de dito estudo de contactos e o/a co coordinador/a COVID da entidade deportiva.

O **período de transmisibilidade** a considerar para a identificación de contactos estreitos é, nos casos sintomáticos, **dende 2 días antes do inicio de síntomas do caso ata o momento no que o caso é illado**. Nos casos asintomáticos, os contactos buscaranse dende 2 días antes da data da recollida da mostra que permitiu o diagnóstico.

Como ocorre con calquera outro caso confirmado da COVID-19, **a Central de Seguimento de Contactos (CSC) porase en contacto co caso confirmado ou coa persoa de referencia (pais, nais ou titores), para facilitarlle as indicacións de illamento, realizar a enquisa epidemiolóxica e identificar os contactos estreitos do caso.** Nesta primeira valoración da CSC, xa se poden identificar a contactos estreitos vinculados co ámbito deportivo, pero tendo en conta ás particularidades do ámbito deportivo federado, é oportuno facer unha valoración máis detallada de cada situación. Polo tanto, **cando unha persoa que pertenza a este sector resulte positivo nunha PDIA da COVID-19, deberá notificar esta situación ao club/equipo** do que forme parte. **O/A coordinador/a COVID da entidade deportiva, deberá contactar co seu interlocutor FISICOVID-DXTGALEGO da Federación** para informar telefonicamente ou por correo electrónico sobre esta situación. Durante dita comunicación, **o/a coordinador/a COVID do club/equipo deberá enviar á federación a ficha**

de “NOTIFICACIÓN DE CASO CONFIRMADO COVID-19 NO SECTOR DEPORTIVO FEDERADO DE GALICIA”  
(ver ANEXO 1).

Posteriormente, será a Federación Galega a que comunique esta circunstancia ao correo electrónico ([incidencias-federacions.deporte@xunta.gal](mailto:incidencias-federacions.deporte@xunta.gal)), quen trasladará esta información á Xefatura territorial (XT) de sanidade. Deste xeito procederáse á realizar unha avaliación da situación epidemiolóxica da entidade deportiva e poderán indicarse as medidas oportunas en cada caso. Debe terse en conta que a valoración sanitaria sempre establece as medidas que debe seguir cada persoa de xeito individual, polo que é importante recalcar a privacidade desta información e que, pese a poder ter que realizar medidas que afecten a unha proporción importante do club/equipo, esta situación referirase ao ámbito individual de cada deportista ou persoa vinculada á entidade deportiva.

## MANEXO DOS CONTACTOS ESTREITOS IDENTIFICADOS:

**As persoas identificadas como contactos estreitos, recibirán unha chamada da CSC indicándolles que deben permanecer en corentena.** Esta chamada non ten porque ser inmediata e pode demorarse, polo que se recomenda que provisionalmente o/a coordinador/a COVID-19 da entidade deportiva notifique esta circunstancia ás persoas relacionadas co club/equipo que fosen identificadas coma contacto estreito durante a valoración conxunta con sanidade. Nesta comunicación deberá indicárselle aos contactos estreitos, que provisionalmente permanezan no seu domicilio en corentena á espera dunha chamada da CSC na que se lles facilitará mais información. Para isto, será fundamental ter sempre en conta a necesidade de manter a confidencialidade da persoa diagnosticada da COVID-19.

De forma xeral, os contactos estreitos identificados pola CSC ou a XT de sanidade, deberán permanecer no domicilio, colaborar no seguimento que realizará a CSC da súa situación clínica e realizar as probas diagnósticas que esta lle indique. Estas PDIA acostuman a ser unha PCR ao inicio da corentena e, se esta primeira é negativa, unha segunda PCR que permita finalizar a corentena con seguridade. Polo tanto, **toda persoa identificada como contacto estreito dun caso confirmado, deberá permanecer en corentena ata que obteña o resultado negativo da PCR que se solicitará transcorridos 10 días do último contacto co caso confirmado. Se, polo motivo que fose, pasan 14 días do último contacto co caso confirmado e non se realiza a PCR, a corentena finalizará igualmente.**

É importante saber que, ao igual co resto da poboación xeral, estarán exentos de corentena aquelas persoas que fosen diagnosticadas como caso confirmado de COVID-19 nos últimos 3 meses. Esta situación non ten

que ser identificada polo responsable do club/equipo, senón que serán os propios contactos estreitos ou as súas persoas de referencia quen trasladen esta información á CSC cando se lle realice a primeira chamada de inicio da corentena.

De igual forma, cómpre recordar que os conviventes de contactos estreitos que non tiveron contacto estreito co caso confirmado, poden continuar coa súa vida habitual. Nese caso, o contacto estreito deberá separarse, na medida do posible, do resto dos conviventes e facer a corentena nunha habitación individual.

Una vez estudados os contactos e establecidas as medidas de corentena para aqueles considerados como estreitos, o resto de persoas poderán continuar as actividades deportivas de forma habitual extremando as medidas de prevención.

## MANEXO DE ABROCHOS:

Considerarase **abrocho** a calquera agrupación de **3 ou mais casos con infección activa nos que se establecese un vínculo epidemiolóxico**. Debe mencionarse que o escenario de aparición de casos da COVID-19 pode ser moi variable, polo que deberá realizarse unha valoración da situación por parte das autoridades sanitarias. Tendo en conta isto, sempre que se detecten 3 casos ou máis nunha entidade deportiva, grupo de adestramento ou competición nun período corto de tempo (menos de 14 días entre o primeiro e o último caso) deberá realizarse unha valoración da situación por parte das autoridades sanitarias. Polo tanto, **de detectarse calquera situación susceptible a ser considerada abrocho, será o/a coordinador/a COVID do club/equipo quen o traslade ao interlocutor FISICOVID-DXTGALEGO da Federación** correspondente. Desde a **Federación trasladarase a situación ao correo electrónico [incidencias-federacions.deporte@xunta.gal](mailto:incidencias-federacions.deporte@xunta.gal)** e desde aquí notificaráselle á **XT de sanidade**, ou no seu defecto o Servizo de Alerta Epidemiolóxica de Galicia (SAEG), **que estudará se é necesario levar a cabo algunha actuación extraordinaria**. Neste caso, a XT de Sanidade porase en contacto co coordinador COVID da entidade deportiva para facilitar as indicacións que precise para o manexo do abrocho.



## TELÉFONOS DE REFERENCIA SOBRE A COVID EN GALICIA

Se precisa información sobre a COVID-19	900 400 116	
Se presenta síntomas da COVID-19	900 400 116	881 00 20 21
Se tivo un resultado positivo nunha proba de COVID-19 fóra de Galicia	881 54 00 04	
Se tivo un contacto estreito cun caso positivo da COVID-19 fóra de Galicia	881 54 00 04	
Se recibiu unha alerta por contacto de risco na aplicación RADAR COVID	881 54 00 04	

**ANEXO 1. Notificación de caso confirmado da COVID-19 no sector deportivo federado en Galicia.**

NOTIFICACIÓN DE CASO CONFIRMADO COVID-19 NO SECTOR DEPORTIVO FEDERADO EN GALICIA		
<b>SOBRE A PERSOA DIAGNOSTICADA DA COVID-19</b>		
Nome:		
Apelidos:		
DNI:		
Data de nacemento:		
Teléfono de contacto:		
Síntomas	SI	Data de inicio dos síntomas:
	NON	Data de recollida da mostra:
Último día en contacto coa entidade deportiva:		
Tipo de proba	PCR	Resultado:
	TEST DE ANTÍXENOS	Resultado:
	SEROLOXÍA	Resultado:
Realización da proba	ÁMBITO SERGAS	
	CLUB DEPORTIVO	
	CENTRO PRIVADO	Nome do centro:
	FÓRA DE GALICIA	Deberá aportarse xustificación documental do resultado
<b>SOBRE O CLUB/EQUIPO</b>		
Nome do club:		
Nome da competición na que milita o equipo:		
Ámbito da competición (ESTATAL/AUTONÓMICA):		
Categoría (senior, Sub21, Junior, Xuvenil, Cadete....):		
Concello:		
Provincia:		
Coordinador/a COVID:		
Teléfono de contacto:		